

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 30-01-2024, ditou a resolución con número 224/2024 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

APROBACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE ADMINISTRATIVO/A (GRUPO C, SUBGRUPO C1)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía núm. 2621/2023 de 20/09/2023 aprobáronse as Bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de Administrativo/a (Grupo C, Subgrupo C1), publicándose no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 184 de 26/09/2023.

Segundo.- Con data 16/01/2024 publicouse anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal), a relación definitiva de aprobados por orde de puntuación do proceso selectivo, que comprende a táboa que se transcribe de seguido, así como a proposta de aprobación da **listaxe de persoal funcionario interino** para a cobertura temporal de postos de **Administrativo/a**, proposta que na mesma data se eleva á aprobación da Alcaldía, xunto coa acta núm. 10 e última, asinada con data 16/01/2024 e 23/01/2024, do tribunal que actuou no dito proceso selectivo. Transcorreu o prazo de reclamacións aberto coa dita publicación, non presentándose alegacións á mesma.

AP NOME	CONC	EX1	EX2	TOTAL:
LORENZO PAZOS, BERTA	15,75	16,5	39,05	71,3
GUERREIRO PANTALEON, ANA	25	16,5	26,8	68,3
PALLAS ALDAO, SARA	14,05	17,5	31,95	63,5
PINAL SEOANE, SILVIA MARIA	14,675	15	32,55	62,225
GARCIA CASTAÑO, SUSANA MARIA	14,8	19	27	60,8
ABELENDA BARREIRO, YOLANDA	13,05	18	29,65	60,7
MILLOS BERNARDEZ, PABLO	7,4	19	29,05	55,45
GARCIA NEIRA RUPERTO MANUEL	3	18	32,55	53,55
OSINDE VAZQUEZ, MONICA	9,05	15,5	28,8	53,35
VAZQUEZ BARRIENTOS, SANDRA	0,3	17	32,7	50
PENERBOSA GARCÍA, LUCÍA	1,05	19	29,05	49,1
IRIGOYEN VAZQUEZ, SERGIO	0,3	16	30,85	47,15
ALFONSO, SERENA	2,4	17,5	25,15	45,05
FERNANDEZ NUÑEZ, MIREIA	0	14	30,8	44,8

Á vista do anterior, de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a creación dunha listaxe para a cobertura temporal de prazas de Administrativo/a (Grupo C, Subgrupo C1), da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, como persoal funcionario interino, nos supostos regulados no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 23.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, segundo a proposta do Tribunal deste proceso selectivo incluída na acta núm. 10 e última, asinada con data 16/01/2024 e 23/01/2024, segundo ao indicado na Base 13ª (*Aprobación da listaxe*) da convocatoria.

Integrarán a mencionada listaxe as persoas aspirantes incluídas na proposta de listaxe para a cobertura temporal de prazas de Administrativo/a por persoal funcionario interino elevada polo Tribunal Selectivo a esta Alcaldía, segundo a última Acta do mesmo.

Listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de Administrativo/a (grupo C, subgrupo C1) do Concello de Carballo:

Nº Orde	NOME	APELIDOS	DNI	CONC.	OPOSICIÓN		TOTAL
					Ex 1	Ex 2	
1	BERTA	LORENZO PAZOS	***2882**	15,75	16,50	39,05	71,30
2	ANA	GUERREIRO PANTALEON	***7736**	25,00	16,50	26,80	68,30
3	SARA	PALLAS ALDAO	***2051**	14,05	17,50	31,95	63,50
4	SILVIA MARÍA	PINAL SEOANE	***5667**	14,675	15,00	32,55	62,225
5	SUSANA MARÍA	GARCIA CASTAÑO	***6544**	14,80	19,00	27,00	60,80
6	YOLANDA	ABELENDA BARREIRO	***3169**	13,05	18,00	29,65	60,70
7	PABLO	MILLOS BERNARDEZ	***8550**	7,40	19,00	29,05	55,45
8	RUPERTO MANUEL	GARCIA NEIRA	***1615**	3,00	18,00	32,55	53,55
9	MONICA	OSINDE VAZQUEZ	***0699**	9,05	15,50	28,80	53,35
10	SANDRA	VAZQUEZ BARRIENTOS	***5006**	0,30	17,00	32,70	50,00
11	LUCIA	PENERBOSA GARCIA	***1768**	1,05	19,00	29,05	49,10
12	SERGIO	IRIGOYEN VAZQUEZ	***5547**	0,30	16,00	30,85	47,15
13	SERENA	ALFONSO	***9271**	2,40	17,50	25,15	45,05
14	MIREIA	FERNANDEZ NUÑEZ	***3614**	0,00	14,00	30,80	44,80

Segundo.- A referida listaxe rexerase polo previsto na Base 14ª (*Procedemento de chamamento das persoas aspirantes*), na Base 15ª (*Xestión da listaxe*), na Base 16ª (*Vixencia da listaxe*) e na Base 17ª (*Presentación da documentación*) das bases reguladoras desta convocatoria, aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 2621/2023 de 20/09/2023 e publicadas no BOP núm. 184 de 26/09/2023, que establecen o seguinte:

«14. PROCEDEMENTO DE CHAMAMENTO DAS PERSOAS ASPIRANTES

14.1. O Servizo de Persoal do Concello de Carballo procederá o chamamento das persoas aspirantes segundo a orde en que figuran na listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de Administrativo/a creada ao efecto, e que se encontren nese momento en situación de «**Pendente de chamamento**», de acordo co seguinte procedemento:

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000005
Exp. 2024/G003/000248

- a) Os chamamentos realizaranse por vía telefónica. Efectuándose, como mínimo, dúas chamadas, entre as 8.00 horas e as 15.00 horas do mesmo día, ao número de teléfono que conste no Servizo de Persoal.
- b) De non lograrse a comunicación telefónica coa persoa aspirante, se realizará o chamamento ao correo electrónico que conste no Servizo de Persoal.

En ambos casos, darase un **prazo de 24 horas** para que a persoa aspirante acepte ou renuncie. Este prazo non será de aplicación cando se requira de maneira inmediata a cobertura dun posto por necesidades do servizo.

Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, as persoas interesadas son as responsables de comunicar ao Concello calquera modificación nos datos do número de teléfono ou correo electrónico de contacto indicados na solicitude de participación ao proceso selectivo, calquera modificación deberá ser comunicada mediante escrito, rexistrado e dirixido ao Servizo de Persoal.

14.2. No suposto de rechazo da oferta do chamamento, pasarase a realizar o chamamento a seguinte persoa aspirante da listaxe seguindo o procedemento descrito anteriormente.

O/a empregado/a público/a que efectúe os chamamentos fará constar mediante dilixencia o proceso de chamamentos seguido e a disposición da persoa interesada a cubrir temporalmente a praza que corresponda. De non atender os chamamentos, entenderase que a persoa aspirante desiste de cubrir a dita praza.

14.3. No chamamento informárase a persoa candidata sobre as condicións laborais e de cantos outros aspectos caractericen o posto a cubrir.

15. XESTIÓN DA LISTAXE

15.1. A xestión da listaxe levarase a cabo polo Servizo de Persoal do Concello de Carballo.

15.2. Chegado o caso de necesidade, formalizarase nomeamento segundo a modalidade adecuada ás causas/circunstancias que motiven o dito nomeamento, consonte ao disposto ao efecto na normativa aplicable vixente á data do nomeamento.

15.2. Durante o período que dure o nomeamento, a persoa candidata figurará na listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de Administrativo/a coa denominación de: «**Nomeado/a funcionario/a interino/a**», con indicación do seu destino, data de inicio e finalización do seu nomeamento.

Unha vez sexa cesado/a, e finalice a súa relación de servizo, volverá a ocupar o mesmo posto na listaxe. En ningún caso se lle ofertará outro posto de traballo da mesma listaxe durante a vixencia do seu nomeamento.

15.3. Nos casos que se acredite algunha das situacións de rexeitamento xustificadas, indicadas a continuación, a persoa pasará a figurar na listaxe coa denominación de: «**Suspensión temporal por causa xustificada**», con indicación do inicio de dita circunstancia, polo que non poderá ser chamada de novo ata que envíe solicitude de reincorporación á listaxe ou levantamento de suspensión mediante escrito, rexistrado e dirixido ao Servizo de Persoal.

Causas / situacións de rexeitamento xustificadas:

- Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.
- Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
- Estar en situación de servizo activo en calquera Administración Pública ou entidade integrante do sector público, ou ter sido seleccionado/nomeado e atoparse en prazo de toma de posesión ou contratación para acadar a dita situación.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000005
Exp. 2024/G003/000248

- Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación.
- Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

A acreditación das causas/situacións de **rexeitamento xustificado** deberá realizarse mediante escrito, rexistrado e dirixido ao Servizo de Persoal, no que se exprese e acredite documentalmente a renuncia por causa xustificada, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao do chamamento.

15.4. Os/as aspirantes que sendo requiridos para o seu nomeamento renuncien dúas veces seguidas ou non poidan ser chamados por causa non imputable á Administración, pasarán a estar na situación de «**Baixa definitiva**» na listaxe para os efectos de novos nomeamentos. O mesmo proceso aplicarase a aquelas persoas que renuncien o desempeño do seu posto de traballo unha vez iniciada a prestación.

15.5. Publicarase periodicamente actualización do estado da listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de Administrativo/a no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e na páxina web municipal.

16. VIXENCIA DA LISTAXE

Esta listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de administrativo/a, creada mediante este procedemento selectivo, terá unha vixencia de **tres (3) anos**, a computar dende o día seguinte a súa aprobación definitiva, sen prexuízo de que se poidan realizar novas convocatorias antes da finalización da vixencia desta por necesidade de persoal, que poñan fin a vixencia da mesma. Así mesmo, a vixencia da listaxe poderá ser prorrogada por acordo da Alcaldía.

17. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

O Concello de Carballo procederá ao chamamento do/a aspirante segundo o sistema de chamamento descrito anteriormente.

A persoa aspirante chamada presentará, no **prazo de tres (3) días hábiles**, contados desde o chamamento, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base quinta desta convocatoria:

- Copia compulsada do título esixido nas presentes bases.
- Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
- Certificado médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante chamada non presentase a documentación ou non acreditase reunir os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.»

Terceiro.- Segundo ao indicado nas bases reguladoras desta convocatoria, aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 2621/2023 de 20/09/2023 e publicadas no BOP núm. 184 de 26/09/2023, o nomeamento como persoal funcionario interino da persoa aspirante chamada producirase da forma seguinte:

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000005
Exp. 2024/G003/000248

«Unha vez presentada a documentación, a Alcaldía decretara o nomeamento como funcionario/a interino da persoa aspirante chamada, sendo nulo o nomeamento de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A persoa nomeada deberá tomar posesión no **prazo de tres (3) días hábiles** a partir da data de notificación da resolución do nomeamento, debendo prestar previamente xuramento ou promesa de conformidade co establecido no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas, e virá obrigado a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable.

Mentres non tome posesión do posto e non se incorpore ao posto de traballo, o/a nomeado/a non terá dereito a percepción económica de ningunha clase. »

Cuarto.- Publíquese a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e, de forma supletoria, na páxina web municipal, aos efectos de notificación e presentación de alegacións ou recursos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer **recurso contencioso-administrativo** ante o Xulgado Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses (contados desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer **recurso de reposición** ante o Alcalde do Concello de Carballo, no prazo dun mes (contado desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios do concello de Carballo). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou produza efectos a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición.

Así mesmo, de acordo coa Base 13ª (*Aprobación da listaxe*) das bases reguladoras da convocatoria, no **prazo de tres (3) días hábiles**, a contar dende o seguinte da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo, as persoas aspirantes poderán emendar os defectos ou erros materiais que aprecien nela.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto